

João Servando

Rubrica

Diz meu amigo que lhi faça bem,
mais nom mi diz o bem que quer de mi[m];
eu por bem tenho de que lh'aqui vim
polo veer, mais el assi nom tem;
mais, se soubess'eu qual bem el querria
haver de mi, assi lho guisaria.

Pede-m'el bem, quant'há que o eu vi,
e nom mi diz o bem que quer haver
de mim, e tenh'eu que d[e] o veer
lh'é mui gram bem, e el nom tem assi;
mais, se soubess'eu qual bem el querria
haver de mi, assi lho guisaria.

Pede-m'el bem, nom sei em qual razom,
pero nom mi diz o bem que querrá
de mim; e tenh'eu, de que o vi já,
que lhe gram bem [é], e el tem que nom;
mais, se soubess'eu qual bem el querria
haver de mi, assi lho guisaria.

Par Servand', e assanhar-m'-ei um dia,
se m'el nom diz qual bem de mim querria.